

Amigas e amigos.

Neste lugar onde a ría se fai parque, onde o Val de río Maior se fai xardín, onde a natureza se fai cultura, vimos chantar a pedra e a árbore do poeta. O xardín, en palabras do poeta Cirlot, que fai falar as culturas clásicas, é o lugar que construímos quizais en lembranza da terra prometida. Mais nós hoxe, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, ademais de afirmar a terra que será, aspiramos quizais tan só a deixar unha fermosa pegada de afecto e de recoñecemento ao Poeta Xosé María Álvarez Cáccamo neste lugar que é xardín, e axuda así á construción da biografía colectiva da Vila de Vilaboa no lugar de Cobres. Neste dende hoxe Parque público Poeta Xosé María Álvarez Cáccamo.

Neste xardín, no xa leve val do humilde río de augas claras que visita o muxo en mansedume, queremos construír o tempo sen tempo do poeta para que a palabra do poeta perdure na pedra e no ferro, na moreira. Vimos da nación toda chantar a pedra do escritor que en mineral abrazo acolle o poema e se fai áurea espiral inacabábel para abrazar o tempo. A espiral que ten a forma do abrazo colectivo que, partindo dun verso, busca o infinito coral do poema. A pedra que tece a súa luz e anuncia e sostén o verso que chama polo seu poeta.

Hoxe aquí este abrazo en espiral convócanos para homenaxear un poeta da mao creadora de Ánxel Huete, que fai nacer da Terra fértil a espiral en pedra e ferro para así crear o lugar do poema, que fai soñar á memoria da pedra que nos di da perfección xeométrica da cuncha, cos ritmos nunca iguais e sempre repetidos da vida de a diario. Agradecidos.

Coa mao labradora no oficio de Cándido Rosende, que fai o valado que non limita senón que é porta aberta ao infinito e que traballa o perpiaño como o panadeiro amasa o pan de fariña albar. Agradecidos.

Co ferreiro Pepe Carro, que ten o oficio, de tan antigo, sagrado, daqueles que eran queridos dos deuses. Agradecidos.

Grazas á xenerosidade de Connorsa, que nos agasallou coa pedra para chantar na terra o soño que se fai mineral poema.

Agradecidos especialmente á corporación municipal de Vilaboa por lle dar por unanimidade a este parque o nome do noso poeta.

Deste xeito tan colectivo, con todos e todas vós, repetimos aquí a maxia da construción astral, do petróglifo que fala da orixe tamén desta Terra na que reclinamos os pés.

Poema en pedra e ferro que crea o lugar do poema, o territorio simbólico que é como espello de ría que abraza nube a nube o noso infinito.

Neste parque que é lugar de sosegada conversa para os máis vellos lugar de construción da amizade, de palabras ditas en doce namoro para os máis novos, e para os sempre novos. Este é, será, o lugar onde o tempo máis vedraio se fará mañanciña nova ou tenro entardecer de ría, para escoitar o cálido falar do mar en soñada ardora.

Plantamos a moreira branca para que a raíz entre no humus antigo deste terra e cuxo froito serán as follas que son o alimento dos vermes que fan o novelo da branca seda, o fío infinito co que tecer o leve pano que abraza e veste a palabra do poeta que se fai corpo mineral.

Plantamos a moreira branca, a árbore de folla caduca, pola que poderemos seguir os ciclos do tempo: a súa sombra será o reloxo solar para poder seguirmos os ciclos vitais da luz onde a rula diga o mes, a hora do seu namoro e canto.

Quizás porque o parque é para moitas das culturas a versión do xardín bíblico, do paraíso onde o home mestura lecer e poético pensamento, hoxe aquí asistimos ao nacemento dunha espiral, a que soporta a levidade de seda do poema a que crea o fraternal abrazo.

Axudamos a crear o lugar onde os nenos do tempo futuro podan aprender a lingua dos paxaros, e tintar as maos coa vagarosa caligrafía da nube.

Porque para nós este lugar tamén é a Terra soñada.
Sempre será o Paraíso onde nos perder.

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Parque Poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, Vilaboa, a 6 de xuño de 2015